

**Licenza Homologada: Válida para ctos. de España e todo territorio nacional en probas e adestramentos federados.**

**Licenza Galega: Válida para ctos. Galegos.**

**Licenza Social, válida para probas sociais e adestramentos comunicados en zona privada, non puntúa para os campionatos.**

**Licenza Xogade Infantil, válida para probas celebradas en Galicia, puntúa para os campionatos, non válida fora de Galicia.**

**Licenza Hobby: Para participar en probas sen puntuar, sen cronometraxe, sen podio.**

**Todas as licenzas deberán vir tramitadas co boletín de solicitude cuberto e selado polo moto clube que se tramita, acompañada da fotocopia do DNI ou carné de conducir:**

#### **Licenza Categoría "SÉNIOR":**

Expedirase previa cumprimentación dos trámites regulamentarios, aos pilotos que a soliciten despois de estar un ano en posesión de Licenza Júnior, ou aqueles pilotos que estiveron en posesión da licenza Júnior 3 anos.

#### **Licenza Categoría "JÚNIOR":**

Expedirase previa cumprimentación dos trámites regulamentarios, aos pilotos a partir de 15 anos cumpridos. Os menores de 16 anos deberán tramitar obrigatoriamente ACREDITACION DE RESPONSABLE DE MENORES, a licenza Júnior poderase sacar un máximo de tres anos.

#### **Licenza Categoría "VETERANO":**

Expedirase previa cumprimentación dos trámites regulamentarios aos pilotos que cumpran as idades regulamentarias da categoría na que compiten.  
Os maiores de 55 anos deberán presentar certificado médico.

#### **Licenza Categoría CADETE-XUVENIL-ALEVIN:**

Expedirase, previa cumprimentación dos trámites regulamentarios aos pilotos que a soliciten, previa presentación do Certificado Médico de aptitude física e autorización paterna por escrito e coa sinatura recoñecida. Obrigatorio estar en posesión de DNI.

Os pilotos con licenza Cadete, Xuvenil e Alevín terán limitada a súa participación a competicións que se celebren en circuitos fechados e que sexan exclusivas para a súa categoría.

Tódolos pilotos destas categorías deberán tramitar coa súa licenza obrigatoriamente a CREDENCIAL DE RESPONSABLE DEPORTIVO DE MENORES.

CATEGORÍA CADETE: NACIDOS EN 2004-2005  
CATEGORÍA XUVENIL: NACIDOS EN 2006-2007  
CATEGORÍA ALEVIN: NACIDOS EN 2007-08-09-10-11-12 (OBRIGATORIO TER 6 ANOS CUMPRIDOS)

ACREDITACIÓN INFANTIL (NON COMPETITIVA): 4-6 ANOS

#### **Licenza "UNHA COMPETICIÓN":**

Expedirase aos pilotos que a soliciten, cos mesmos requisitos anteriores para cada categoría e so será válida para unha competición.

**TODOS OS PILOTOS QUE NON TEÑAN CARNÉ DE CONDUCIR DEBERÁN PRESENTAR CERTIFICADO MÉDICO DE APTITUDE FÍSICA E FOTOCOPIA DE DNI, SO PODERÁN PARTICIPAR EN PROBAS CELEBRADAS EN CIRCUÍTO FECHADO.**

**NO FIN DE SEMANA QUE HAXA UNHA PROBA NON FEDERADA NUN CIRCUITO, ZONA, PERCORRIDO ETC NON SE PODERÁ ACTIVAR O SEGURO DE ADESTRAMENTOS PARA ESE CIRCUÍTO OU ZONA.**